



## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 11 de abril de 2024, pola que se acorda aprobar as bases para a contratación en réxime de persoal laboral temporal dun condutor substituto durante o período de desfrute do permiso por nacemento e coidado dun menor e/ou vacacións do oficial condutor deste concello.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentouse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, a seguinte solicitude:

NOME E APELIDOS	DNI
OTERO OTERO JOSÉ ANTONIO	***9315**

Resultando que, de acordo co establecido nas bases que rexen a convocatoria, o único candidato presentado reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación “*no suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización da fase de oposición, sempre que o único/a candidato/a presentado reúna todos os requisitos esixidos na convocatoria*”.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

**Primeiro.-** Contratar ao único candidato presentado, D. José Antonio Otero Otero, para o posto de condutor substituto durante o período de desfrute do permiso por nacemento e coidado dun menor e/ou vacacións do oficial condutor deste concello.

**Segundo.-** Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica ao número de teléfono que consta no expediente, que deberán presentar nun prazo máximo de 2 días naturais os seguintes documentos:





## Concello de Oza-Cesuras

---

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da seguridade social.

*Terceiro.-* Que unha vez presentada a documentación indicada anteriormente, se dea traslado da mesma á Xestoría Administrativa para que proceda a dalo de alta na Seguridade Social e proceda á realización da formalización do correspondente contrato conforme ao previsto na lexislación vixente

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

**Dou fe,**

**O ALCALDE**

**O secretario**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Asdo.- José Sánchez Presedo**

